



Lalín km cero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente nº 98/2018

Por decreto desta Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2018, dispúxose prorrogar para o ano 2018 o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do día 4 de setembro de 2017 e ata que non se teña aprobado o novo Plan Estratéxico de Subvencións adaptado ao novo orzamento que, no seu caso, se aprobe, xa que o orzamento actual é o do ano 2017 prorrogado para o ano 2018. As contías asignadas a cada unha das liñas de subvención teñen como límite o crédito inicial que para cada unha delas se contempla no orzamento prorrogado.

Dito Plan contempla a relación de subvencións nominativas ou en réxime de concorrencia competitiva que o Concello prevé outorgar no ano 2018, constando a finalidade para a que se conceden, os importes das mesmas e as partidas orzamentarias, non sendo unha figura inamovible, senón que pode ser modificado en base ás necesidades e circunstancias que así o fagan conveniente.

Neste senso, en data 17 de abril de 2018, ditouse decreto por esta Alcaldía modificando o Plan Estratéxico de subvencións do ano 2017, previa tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos, ampliando o importe da subvención nominativa á Escudería Lalín Deza a 16.000 euros, e causando baixa a subvención nominativa que estaba prevista conceder á Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras demencias da Provincia de Pontevedra (AFAPO), por importe de 5.120,00 €, e incorporando a subvención nominativa por dito importe a favor da Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) para levar a cabo o programa “ACTÍVATE: Asesoramento e atención integral da persoa con alzhéimer e o seu cuidador.

Apreciado un erro en dito decreto, en relación á partida orzamentaria relativa á subvención nominativa a favor de APALC, debe corrixirse o mesmo.

Por outra banda, no orzamento do ano 2017 prorrogado para o ano 2018 tamén se contempla unha subvención nominativa a favor da Asociación de pais e nais de dismnuídos psíquicos de Deza (ASPADEZA), por importe de 7.000,00 €,



Secretaría Xeral

e considerouse oportuno complementar o crédito previsto para a concesión de subvención por importe de 3.000 €.

En base ao exposto, o Pleno da Corporación municipal, na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2018 aprobou inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos nº 2-P/2018, modalidade Suplemento de Crédito que contempla ampliar a partida destinada á subvención nominativa a ASPADEZA, que pasa de estar dotada con 7.000,00 euros a 10.000,00 euros.

Unha vez aprobado definitivamente o Expediente de Modificación de Créditos nº 2-P/2018, procede a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2017 prorrogado para o ano 2018, de acordo con dita modificación.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 41 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

DISPOÑO

Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Corrixir o erro apreciado no apartado terceiro do decreto da Alcaldía de data 17/04/2018 no relativo á partida orzamentaria, quedando redactado dito apartado do seguinte xeito:

“Terceiro.- Modificar a Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións 2017 prorrogado para o ano 2018, causando baixa a subvención nominativa que estaba prevista conceder á Asociación de Enfermos de Alzheimer e outras demencias da Provincia de Pontevedra (AFAPO), por importe de 5.120,00 €, e incorporando a subvención nominativa por dito importe a favor da Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC), tal e como se indica de seguido:



AXUDAS LIÑA 3					
SUBVENCIONS DE COOPERACION, SOLIDARIEDADE E DESENVOLVEMENTO HUMANO					
ÁREA	DENOMINACION	DESCRIPCION	MODO DE CONCESION	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
BS	Subvención á Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) para levar a cabo o programa "ACTÍVATE: Asesoramento e atención integral da persoa con alzhéimer e o seu cuidador"	Desenvolver no Concello de Lalín un programa integral de atención a persoas con Alzheimer e familias cuidadoras	Subvención nominativa	231.489.31	5.120,00 €

Terceiro.- Modificar a Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións 2017, prorrogado para o ano 2018, no apartado destinado á subvención nominativa a favor de ASPADEZA, tal e como se indica de seguido:

AXUDAS LIÑA 3					
SUBVENCIONS DE COOPERACION, SOLIDARIEDADE E DESENVOLVEMENTO HUMANO					
ÁREA	DENOMINACION	DESCRIPCION	MODO DE CONCESION	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
BS	Subvención á Asociación de pais e nais de dismunuídos psíquicos de Deza (ASPADEZA) para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a persoas con discapacidade psíquica no Concello de Lalín.	Promover a integración do colectivo obxecto de intervención, realizando, tarefas de mantemento das instalacións do centro ocupacional e outras actividades externas para a súa integración social.	Subvención nominativa	231.489.11	10.000,00 €

Cuarto.- Incorporar a presente modificación ao documento Plan Estratéxico de Subvencións 2017 como Anexo II.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio.

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

